



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ASISTENCIA PLENO 230617:

Concelleiros:

Don Carlos Allo Cundíns
Don Borja Andrade Montes
Don Marcos Lois Costa
Dona Sandra Méndez Blanco
Don José Muíño Domínguez
Dona Sheila Recarey Varela
Dona Sandra Redondo Fernández
Dona Tatiana Rellán Castro
Dona Sonia Sande Lista
Dona Begoña Torrado Lema
Dona Alba Villar López

Secretaría:

Dona María Garrote López

Interventora:

Patricia Chas Filgueiras

ACTA DO PLENO DO DÍA DEZASETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES(230617)

En Cabana de Bergantiños, o día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, as doce horas, reuníronse no Salón de actos, habilitado para o efecto, os concelleiros electos nas pasadas eleccións locais do día 28 de maio de 2023, coa asistencia da secretaria da Corporación; para constituír a nova Corporación municipal e proceder á elección do alcalde.

Toma a palabra a señora secretaria para manifestar que: "De acordo cos trámites procedimentais que indican a Lei orgánica do réxime electoral xeral (LOREG), o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), procede desenvolver as seguintes actuacións:

- En primeiro lugar a formación da Mesa de idade
- A continuación a constitución da Corporación

-E por último a elección do alcalde-presidente da corporación.

Procédese, polo tanto, en primeiro lugar a formación da Mesa de idade"

Primeiro.- Formación da Mesa de idade-

Dase lectura do artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, de réxime electoral xeral, que establece que:

1. *As corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior ao desenvolvemento das eleccións, salvo que se presentara recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, nese suposto constitúense o cuadraxésimo día posterior as eleccións.*
2. *Para tal finalidade constitúese unha mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario o que o sexa da corporación.*
3. *A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base as certificacións que lle remitira ao Concello a Xunta electoral de zona.*
4. *Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, a sesión desenvolverase dous días despois, quedando constituída a corporación sen ter en conta o número dos concelleiros presentes.*

En aplicación do artigo 195 da Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral e dos datos obrantes en Secretaría, despréndese que o concelleiro electo de maior idade é **Don José Muíño Domínguez** e o de menor idade, **Dona Alba Villar López** polo que o primeiro actuará como Presidente da Mesa, o segundo como vocal e como Secretaria da mesma, a que o é da Corporación.

A Mesa de Idade declarase constituída por estas dúas persoas, e aberta a sesión para a constitución do Concello de Cabana de Bergantiños.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Na sesión está presente , como funcionaria de administración local , con habilitación de carácter nacional, dona Patricia Chas Filgueiras, Interventora Tesoureira do Concello de Cabana de Bergantiños.

Segundo.- Constitución da Corporación.-

Unha vez constituída a Mesa de idade e despois de tomar as medidas precisas segundo se dispón no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta de que se puxo a disposición dos señores concelleiros e concelleiras electos documentación referente as existencias en metálico e valores propios da Corporación depositados e a referente ao Inventario de bens da Corporación.

O Presidente da Mesa sinala: Entregáronse as credenciais de todos os concelleiros e concelleiras. Declárase acreditada a personalidade dos concelleiros e concelleiras electos, que son os seguintes por orde alfabética:

Don Carlos Allo Cundíns
Don Borja Andrade Montes
Don Marcos Lois Costa
Doña Sandra Méndez Blanco
Don José Muíño Domínguez
Doña Sheila Recarey Varela
Doña Sandra Redondo Fernández
Doña Tatiana Rellán Castro
Doña Sonia Sande Lista
Doña Begoña Torrado Lema
Doña Alba Villar López

Non se aprecia causa de incompatibilidade de ningún dos concelleiros electos, non obstante, convídase a que calquera que se considere afectado ou afectada por algunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación vixente, o manifieste neste momento.

Habida conta de que se cumpre a esixencia do apartado 4 do art. 195 da Lei orgánica 5/1985 e do apartado catro do artigo 37 do Regulamento de organización ,funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e que concurren a esta sesión a maioría absoluta dos concelleiros electos declarase constituída a sesión.

A continuación a señora secretaria di: Procédese a nomear a todos os concelleiros electos, a efectos da prestación do xuramento ou promesa.

Don Carlos Allo Cundíns
Don Borja Andrade Montes
Don Marcos Lois Costa
Doña Sandra Méndez Blanco
Don José Muíño Domínguez
Doña Sheila Recarey Varela
Doña Sandra Redondo Fernández
Doña Tatiana Rellán Castro
Doña Sonia Sande Lista
Doña Begoña Torrado Lema
Doña Alba Villar López



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Unha vez rematado o acto do xuramento ou promesa o presidente da Mesa declara constituída a Corporación cos membros que tomaron posesión dos seus cargos, ao abeiro do artigo 195, apartado 4 da LOREG, coas seguintes palabras:
Declaro constituída a corporación do Concello de Cabana de Bergantiños, composta polos concelleiros que a continuación se relacionan:

Nº	Apellidos y nombre concejales electos	Lista Electoral
1	Don Carlos Allo Cundíns	Partido Popular (PP)
2	Don Borja Andrade Montes	Partido Popular (PP)
3	Don Marcos Lois Costa	Bloque Nacionalista Galego (BNG)
4	Doña Sandra Méndez Blanco	Partido Popular (PP)
5	Don José Muíño Domínguez	Partido Popular (PP)
6	Doña Sheila Recarey Varela	Partido Popular (PP)
7	Doña Sandra Redondo Fernández	Bloque Nacionalista Galego (BNG)
8	Doña Tatiana Rellán Castro	Bloque Nacionalista Galego (BNG)
9	Doña Sonia Sande Lista	Partido Popular (PP)
10	Doña Begoña Torrado Lema	Partido Popular (PP)
11	Doña Alba Villar López	Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Terceiro.- Elección do alcalde

Dona Alba Villar López, como vogal da Mesa, anuncia que se vai a proceder a elección do alcalde da Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 196 da LOREG e no artigo 40 do ROF.

O artigo 196 da LOREG establece que: "Na mesma sesión de constitución da corporación se procede a elección do alcalde de acordo co seguinte procedemento:

- Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabezen as súas correspondentes listas.*
- Se algún deles obtén a maioría absoluta dos concelleiros é proclamado electo.*
- Se ningún deles obtén a dita maioría e proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente concello. En caso de empate resolverase por sorteo.*



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

A señora secretaria manifesta:

Ao abeiro do dito artigo os concelleiros que encabezan as listas electorais son os seguintes, por orde alfabética:

- Don José Muíño Domínguez, cabeza da lista electoral do Partido Popular
- Dona Tatiana Rellán Castro, cabeza de la lista electoral del Bloque Nacionalista Galego , cabeza da lista electoral do Bloque Nacionalista Galego

¿Algún dos citados Concelleiros retira a súa candidatura a Alcaldía? Ningún dos concelleiros renuncia.

A continuación procédese á votación a mano alzada co seguinte resultado:

		Lista Política	VOTOS
1	Don José Muíño Domínguez	Partido Popular (PP)	7
2	Doña Tatiana Rellán Castro	Bloque Nacionalista Galego (BNG)	4

Visto o resultado do escrutinio dos votos emitidos para a elección de Alcalde, Don José Muíño Domínguez obtén a maioría absoluta de votos dos concelleiros, polo que, en aplicación do artigo 196, apartado B, da Lei Orgánica 5/85, se procede á aceptación do cargo e á lectura do xuramento ou promesa correspondente.

A continuación a secretaria pregunta:

Don José Muíño Domínguez, acepta o cargo de alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños?

Don José Muíño Domínguez: Acepto

Secretaria: Proceda a xurar ou a prometer o cargo:

Don José Muíño Domínguez: "Prometo pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde, con lealdade ao Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado."

Despois de tomarlle xuramento do cargo como alcalde , dona Alba Villar López faille entrega do bastón municipal. Tras isto declárase disolta a Mesa de idade e don José Muíño Domínguez pasa a ocupar a presidencia da sala.

Por último o alcalde toma a palabra e dirixe unhas verbas de agradecemento.

Non tendo máis asuntos que tratar, o señor alcalde da por terminado o acto, as doce horas vinte e tres minutos do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor alcalde.